

A coma [,]

A coma indica unha pausa breve, dentro dunha oración.

Úsase a coma

1. Para separar os elementos dunha enumeración (agás os que van unidos por conxuncións: e, ou...)
O barco trouxo hoxe fanecas, xurelos, sardiñas, douradas e robalizas.
2. Para introducir aclaracións ou incisos nunha oración.
Xoán, o irmán de Cristina, volveu onte da súa viaxe.
3. Cando invertemos a orde lóxica nunha oración.
Aos trece anos, meu avó marchou para a Arxentina.
4. Para indicar que nunha oración se omitiu ou suprimiu un verbo.
Eu teño vinte e dous anos; Mónica, dezanove.
5. Para separar do resto da oración o nome da persoa á que nos diriximos (vocativo).
Pénsao ben, Carme, que é unha decisión moi difícil.
6. Para separar lugar de data (nas cabeceiras das cartas) ou números enteiros de decimais.
A Coruña, 28 de decembro de 2005
Custa 3,25 euros.
7. En ocasións, para marcar unha pausa antes (e, ás veces, despois) dalgúns conxuncións como *pero, mais, non obstante, aínda así, polo tanto, daquela, porque, aínda que...*
Xa aforrei doce euros, aínda así, non teño suficiente para mercar ese DVD.

Nunca se usa coma

Separando suxeito e predicado

Incorrecto: *Os alumnos, fan o exame.

Correcto: Os alumnos fan o exame.

O punto e coma [;]

O punto e coma indica unha pausa de duración media, maior ca a da coma e menor ca a do punto.

Úsase o punto e coma

1. Para separar elementos dunha enumeración cando dentro deles xa hai algunha coma.

Esta é a aliñación: de porteira Xoana; na defensa Clara, Lucía, Neves e Iria; na media Paula, Ana, Marta e Inés; na dianteira Carme e Tareixa.

2. Para separar proposicións xustapostas, especialmente cando nestas se usou a coma.

O neno, eufórico, saltou e berrou; o seu equipo acababa de marcar un gol.

3. Diante de conxuncións como: *non obstante, mais, pero, en cambio, así que, polo tanto, daquela...*, especialmente en oracións longas.

Os xogadores preparáronse intensamente durante todo o mes; non obstante, os resultados non foron os que o adestrador agardaba.

Os dous puntos [:]

Os dous puntos indican unha pausa semellante á do punto.

Úsanse os dous puntos

1. Para introducir ou citar textualmente as palabras de alguén (estilo indirecto).

Entón el dixo: «Voume, que é tarde».

2. Para dar comezo a unha enumeración.

As provincias galegas son: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

3. No encabezamento ou saúdo das cartas.

Querida amiga:

4. Para introducir a causa, consecuencia ou conclusión do que se acaba de dicir.

Medroume moito o pelo: teño que ir cortalo.

Os puntos suspensivos [...]

Os puntos suspensivos serven para indicar que unha oración queda interrompida ou en suspenso.

Úsanse os puntos suspensivos

1. Para interromper unha oración expresando temor, dúbida, reticencia, intriga, emoción...

Non sei... Non sei... Xa veremos.

2. Para indicar que unha enumeración está incompleta ou queda aberta.

Os principais escritores galegos firmaron ese manifesto: Manuel Rivas, Suso de Toro, Xosé Carlos Caneiro...

3. Para indicar que se evita unha palabra malsoante.

Non te quero ver diante. Vai á m...!

4. Para sinalar a eliminación de parte dun texto que se cita, normalmente entre parénteses.

Que din os rumorosos (...) ao raio transparente do prácido luar?

Despois dos puntos suspensivos...

Pódese escribir calquera outro signo de puntuación agás o punto.

Cando decidas a marca, o modelo, a cor..., acompañote a buscar coche.